# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

## Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial

## Curso Académico: Curso 2019-2020

- ■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- ■ Cumprimento do proxecto establecido
    - ■ Dimensión 1. A xestión do título
        - ■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        - ■ Criterio 2. Información e transparencia
        - ■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - ■ Dimensión 2. Recursos humanos
        - ■ Criterio 4. Recursos Humanos
        - ■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - ■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
        - ■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
        - ■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- ■ Modificacións do plan de estudos
- ■ Listaxe de evidencias e indicadores
- ■ Plan de Melloras
    - ■ Abertas Curso 2019-2020
        - ■ Criterios anteriores a curso 2019/2020
            - ■ AM-1
            - ■ AM-2

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial |
| Mencións/Especialidades | **A CUBRIR POLO TÍTULO** |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | **A CUBRIR POLO TÍTULO** |
| Centro responsable | Facultade de Xeografía e Historia |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Xeografía e Historia |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 60 ECTS |
| Profesión regulada | **A CUBRIR POLO TÍTULO** |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2013/2014 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 06/05/2013 |
| Data renovación acreditación | |
| NOTA: Este mestrado deixou de ofertarse precisamente no curso 2019-20 de maneira presencial. No presente curso 2020-21 só teñen dereito de exame nas asignaturas pendentes aqueles alumnos que o soliciten. | |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

**Nota previa importante en relación coa situación xerada pola pandemia da covid-19:**

A partir de marzo de 2020, a situación especial derivada da pandemia da covid-19 provocou o traslado da maior parte da actividade do máster ao ao ámbito virtual. A posta en marcha dos sucesivos Estados de Alarma comportou nun primeiro momento o peche total da Universidade de Santiago de Compostela, durante varias semanas. Con posterioridade, produciuse unha apertura gradual das instalacións para un uso dos servicios de administración e funcionamento mínimos. O paso da actividade docente desde o ámbito presencial ao ámbito remoto realizouse conforme a todos os protocolos establecidos pola Universidade de Santiago de Compostela. No presente enderezo web pódense consultar todas as resolucións reitoriais, instrucións de xerencia e protocolos de actuación, polo que non cómpre reitaralos.

https://www.usc.gal/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa

A docencia virtual foi desenvolvida a través das ferramentas corporativas da Universidade de Santiago de Compostela. En primeiro lugar, cómpre salientar o emprego do Campus Virtual da USC, o cal xa era masivamente empregado pola meirande parte dos profesores. O Campus Virtual permitiu pendurar na rede todos os materiais empregados nas clases, e serviu como plataforma para a recepción de traballos de curso, informes de clases interactivas e todo tipo de materiais que os alumnos e alumnas entregaban ao profesorado. Igualmente, a funcionalidade de dita aplicación, que funciona con Moodle, permitiu a celebración de exames telemáticos. En todo momento seguiuse o protocolo establecido polas autoridades académicas da USC e os profesores realizaron a adaptación de xeito normal, sen ningunha indidencia.

As modificacións na metodoloxía de ensino e aprendizaxe que deberon ser introducidas por mor das circunstancias da pandemia foron explicitadas tamén nos programas de todas e cada unha das asignaturas. Desde a coordinación do máster, xunto do Decanato da Facultade de Xeografía e Historia, coordinouse todo o proceso, que culminou coa modificación dos programas de todas as asignatura na data indicada no 100% dos casos. Desde xeito, os alumnos e alumnos puideron ter cumprida información de todas as modificacións.

Outra ferramenta fundamental empregada no proceso de ensino e aprendizaxe ao longo de todos os meses de pandemia foi a aplicación Microsoft Teams, que permite a creación de grupos de traballo pechados para cada unha das asignaturas. Esta ferramenta corporativa foi a empregada para a docencia online. Ao principio rexistráronse algunhas incidencias derivadas das dificultades de emprego dunha nova ferramenta, que requiere un certo adestramento. Os cursos desenvolvidos pola USC, os diferentes titoriais online e a vontade do profesorado conseguiron trasladar a docencia desde o mundo real ao mundo virtual e cumprir cos obxectivos reflectivos nas novas versións dos programas.

A plataforma Microsoft Teams tamén foi empregada para a realización de titorías non presenciais entre alumnos e profesores. Nos casos nos que foi necesario, tamén se realizaron titorías por outros medios, como o teléfono convencional. Tívose en conta a existencia de dificultades de conexión á rede por parte dalgúns alumnos, que residen en áreas con deficiente cobertura de internet e realizáronse as adaptacións pertinentes

Hai dúas asignaturas que, debido ás súas características particulares, requeriron dunha especial adaptación. Estamos a referirnos, por unha parte, ao Traballo Fin de Máster e, por outra, ás Prácticas Académicas Externas en Empresas. Nos dous casos seguíronse os protocolos de adaptación fixados polas directrices xerais da USC e do propio Decanato da Facultade de Xeografía e Historia para realizalas na medida do posible de xeito online.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**<br>**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**<br>Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes. |
| **1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.** |
| Aspectos a valorar:<br>● O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>A aplicabilidade é unha das características fundamentais do título do Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial. Nas sucesivas edicións do Máster desenvolvidas ata o momento tratáronse de superar as visións sectoriais da planificación e xestión, algo no que é básico a inclusión da dimensión territorial.<br>O mestrado aproxímase ao territorio desde a perspectiva da ordenación do territorio e o urbanismo, a través dun enfoque multinivel e empregando as diferentes escalas de análise.<br>A aproximación á planificación e xestión do territorio é feita permite aos estudantes achegarse á problemática de temas de grande interese na actualidade, entre os cales se atopan os seguintes:<br>● Sensibilidade e reacción da sociedade ao cambio climáticos<br>● Resposta aos problemas vencellados aos riscos ambientais, económicos e sociais, que teñen unha forte impronta territorial<br>● Análise territorial das problemáticas sociais en espazos urbanos (xentrificación, vivendas de uso turístico, vivendas baleiras, baleiramento da actividad comercial en cascos históricos, etc)<br>● Reacción da sociedade ante o denominado "colapso territorial", nas que é preciso desenvolver mecanismos de resiliencia social, económica e ambiental<br><br>A titulación, que xa non se imparte presencialmente (só hai dereito a exame no vindeiro curso 2020-21 para alumnos con asignaturas pendentes), porque se extinguiu como tal, foi impartida maioritariamente por profesorado do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. O Departamento de Xeografía ten recoñecida a súa singularidade dentro da estrutura de departamentos da Universidade de Santiago por parte da Xunta de Galicia. Existen diversos mestrados con contidos vinculados a cuestións territoriais no sistema universitario galego, pero o Máster en PXDT foi o único que ofrece unha visión integrada e integral combinando as dimensións física e humana do territorio. A visión xeográfica é sintética e global abrangue o estudo das diferentes variables que inflúen no territorio dun xeito sistémico.<br>Nun escenario de incertidume, nun mundo sometido a fortes presións ambientais e sociais, a necesidade de formar profesionais con competencias en planificación e xestión do desenvolvemento territorial é unha realidade que se destacou no "Manifiesto por unha nova cultura do territorio", subscrito en 2006 por varios centos de profesionais, académicos e xestores con responsabilidades na análise, estudo, planificación e xestión do territorio. O territorio non é un ben renovable, senón que é un recurso finito, e cómpre incrementar a súa relevancia en termos político- administrativos. No noso país aínda é consumido o territorio como se fose un recurso ilimitado, sen dispoñer aínda de instrumentos totalmente axeitados, que sexan quen de facer fronte ás ameazas á sustentabilidade, que se manifestan en danos económicos, sociais e ambientais.<br>É preciso planificar e xestionar o territorio. A xestión prudente do territorio debe converterse no elemento central dun novo debate cidadán. Deben participar nel todos os actores, e é preciso aprender da crise económica que comezou en 2008-09, |

para non repetir disfuncións territoriais de graves consecuencias. A maior capacidade técnica para transformar a natureza e os espazos, o rápido incremento da poboación e os niveis de consumo debe ir acompañada de prudencia e respecto no uso e xestión dos recursos de que dispoñemos.
Neste escenario, o Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial desempeñou un papel fundamental, formando técnicos con capacidade para desenvolver plans territoriais, plans municipais de urbanismo, plans supramunicipais, etc. En definitiva, profesionais formados cunha sólida visión integral do territorio, e cunha clara sensibilidade en relación coa necesaria sustentabilidade que é preciso promover.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Canto á oferta de módulos e materias, correspóndese co establecido na memoria de verificación.
No tocante ao tamaño dos grupos, cabe sinalar que é idóneo para o desenvolvemento das actividades docentes. O que podería ser entendido como una debilidade (o feito de non cubrirse todas as prazas do máster), transformouse en realidade nunha fortaleza en relación con diversos elementos:

- Favorece o traballo en grupo: o número de alumnos matriculados no máster permite a división da clase en grupos de traballo de 2-3 persoas, o que consideramos un tamaño idóneo para o traballo autónomo en grupo e posterior posta en común. Moitos dos profesores planifican as súas clases a partir de dinámicas grupais e as tradicionais aulas maxistrais van dando paso ao desenvolvemento de proxectos e ó traballo en grupo como ferramenta clave do proceso ensino-aprendizaxe.
- Promove a participación do alumnado: moitos dos tradicionais problemas asociados á falla de participación do alumnado son doadamente superables na docencia do máster ou, simplemente, non existen. O reducido número de estudantes favorece o establecemento de relacións de confianza entre eles. Esta facilidade que amosan os estudantes para estreitar lazos favorece a aprendizaxe significativa e constitúe un piar estratéxico dunha docencia activa.
- Favorece o coñecemento mutuo dos estudantes e o networking entre eles: derívase do anterior. A confianza nas relacións no alumnado facilita a creación de equipos e redes de traballo. A dinámica de networking é fomentada polo profesorado. Aos alumnos insísteselles que cando pasen a formar parte do mercado laboral van ter que adaptarse sempre ao traballo en equipo, normalmente en consultoras nas que traballan diferentes profesionais (arquitectos, enxeñeiros, sociólogos, economistas, xeógrafos, etc).
- Fomenta a interacción estudante-profesor
- Favorece a resolución de dúbidas con carácter inmediato

Un aspecto moi relevante é a satisfacción dos egresados coa titulación. Cómpre sinalar que a valoración é positiva, e superior aos 3 puntos sobre 5 nos últimos tres anos anos dos que temos datos. No ano 2019 o valor acadou 4 puntos sobre un total de 5, o qu supón un incremento de 0,24 puntos. Esta información é proporcionada polo indicador IN42M, antigo IN33M-PS-01.

| IN42M (antigoIN33M-PS-01) | Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4 |
| Ano 2018 | 3,76 |
| Ano 2017 | 3,17 |
| Ano 2016 | 3,43 |
| Ano 2015 | 2,83 |
| Ano 2014 | 0 |

Outro indicador relevante ten que ver coa satisfacción dos egresados cos servizos prestados pola institución universitaria de apoio ao estudante. En moitos dos casos, os estudantes xa coñecen eses servizos porque a maioría deles cursaron o grao na USC. En calquera caso, non se conta con datos relativo ao último curso académico, en boa medida polas baixa taxa de resposta ás enquisas (como se verá máis adiante, é inferior ao 50%), e tamén porque algunhas das preguntas do cuestionario non recibiron resposta algunha, entre elas esta. Isto queda corroborado pola grande variación de valores (moi dispares entre eles) que se observa nos últimos tres anos, o que nos leva a formular esta hipótese. O indicador IN33M, antigo IN33M-PS-03, reflicte o grao de satisfacción dos egresados cos servizos, que é superior en 2018 que en 2017. De novo é preciso insistir na necesidade de regresar á presencialidade na realización de enquisas, o que sen dúbida incrementaría as taxas de resposta.

| IN33M (antigo IN33M-PS-03) | Grao de satisfacción xeral dos egresados cos servizos |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4 |
| Ano 2018 | 4 |
| Ano 2017 | 3,8 |
| Ano 2016 | 4,44 |
| Ano 2015 | 1,67 |
| Ano 2014 | 0,00 |

Por outra banda, no 2014, cómpre dicir que o valor obtido foi 0, pero a razón é que non se rexistrou ningunha resposta á enquisa entre o alumnado. Isto reforza, como xa se dixo, a idea de que é necesario voltar ao sistema de enquisas presenciais, é dicir, mediante unha persoa que se desprace ás aulas e distribúa e recolla os cuestionarios entre os estudantes.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Coordinación entre materias: o profesorado do mestrado á hora de elaborar as guías docentes presta especial atención para non duplicar contidos e aproveitar sinerxias de colaboración entre eles, como acontece nas saídas de campo, que se aproveitan para explicar de forma integral os contidos traballados na aula.

Prácticas externas: hai unha comisión de prácticas externas na Facultade. O profesor Alberto Martí Ezpeleta é o encargado de contactar coas empresas. Tamén se asinan convenios con diferentes organismos e institucións para as prácticas. As excepcionais circunstancias da pandemia da covid-19 supuxeron a realización telemática das diferentes prácticas, previo contacto coas empresas por parte da coordinación do máster, seguindo os protocolos acordados en Xunta de Facultade e segundo as diferentes resolucións reitoriais aprobadas pola USC a partir de marzo de 2020. Todas as resolucións reitorais, as instrucións e protocolos poden ser consultados no seguinte enderezo da web da Universidade de Santiago de Compostela
https://www.usc.gal/gl/usc/covid19/recompilacion-normativa

En canto aos datos de satisfacción dos estudantes coas Prácticas Académicas Externas, rexistrouse un elevado nivel de satisfacción. Nas dúas primeiras edicións do Máster, o nivel de satisfacción foi de 5 sobre 5. No ano 2019 o nivel de satisfacción foi de 4,02 puntos sobre 5.

A oferta de Prácticas Académicas externas é ampla, e está integrada por empresas que desenvolven tarefas de consultoría, de cartografía ou traballos relacionados con planificación e xestión territorial. No tocante ao sector público, tamén existen convenios de prácticas con organismos como o Instituto de Estudos Territoriais da Xunta de Galicia ou o Consorcio de Santiago, colaborador desde os inicios do Máster.

Tamén se asinan convenios de prácticas con diferentes concellos de Galicia, ben porque xa consten na nómina de prácticas, ben porque os soliciten os propios alumnos. De feito, a posibilidade de realizar prácticas en administracións locais é unha das opcións máis valoradas e demandadas polo alumnado, e desde a coordinación das prácticas externas e do máster procúrase facilitar este achegamento á realidade de xestión municipal do xeito máis activo posible.

A seguinte táboa amosa o alto nivel de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas no último ano do que se conta con información, grazas á información proporcionada polo indicador IN19M, antigo IN19-M-PC-09.

| IN19M<br>(antigo IN19M-PC-09) | Grao de satisfacción xeral dos estudantes coas prácticas externas |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4,02 |
| Ano 2018 | sen datos |
| Ano 2017 | 4,29 |
| Ano 2016 | 3,14 |
| Ano 2015 | |
| Ano 2014 | |

No tocante ao grao de satisfacción dos titores profesionais de prácticas, anualmente envían a avaliación obtida polo alumnado. Nela consideran non só o coñecemento de contidos e ferramentas de traballo, senón tamén a dispoñibilidade do alumno á hora de traballar, a súa capacidade de relacionarse. En xeral, as puntuacións obtidas adoitan ser moi boas. En canto ao alumnado, este tamén avalía a empresa de acollida e fai constar as dificultades que tiveron que superar ou o aspectos que se botaron en falla. Trátase dunha información que para o profesorado titor é clave á hora de poder actualizar contidos e metodoloxías de traballo nos cursos seguintes, para conseguir que a correlación dos mesmos coas necesidades das empresas e do alumnado sexa total.

## 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Un aspecto salientable é o perfil do alumnado que cursa o Máster en Planificación corresponde cos dos alumnos de edición anteriores. A súa principal titulación corresponde ao Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, impartido maioritariamente por profesorado do Departamento de Xeografía da USC, onde está radicado o Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial.

Ademais do alumnado graduado en Xeografía e Ordenación do Territorio, nos últimos cursos foi sendo habitual a matrícula de alumnos titulados noutros graos de Ciencias Sociais, interesados en diversos aspectos do estudo do territorio. Entre eles cabe sinalar historiadores, economistas, politólogos, graduados en dereito, etc. Tamén se matricularon no máster alumnos procedentes de titulacións de perfil técnico, procedentes de estudos relacionados coa planificación urbana rexional, a ordenación do territorio ou a análise de problemas medioambientais. Arquitectos, arquitectos técnicos, enxeñeiros, topógrafos e ambientólogos cóntanse asemade entre os alumnos do máster.

Podemos dicir, polo tanto, que o máster ten un carácter verdadeiramente interdisciplinar, xa que nel teñen cabida alumnos de "backgrounds" bastante diferentes. O feito de que o territorio sexa unha categoría de análise transversal a diferentes disciplinas permite que convivan no mesmo máster graduados de moi diferente procedencia.

Canto á nota media de acceso por preinscripción, o valor mantense é superior a 7 nos tres últimos cursos académicos, tal como reflicte o indicador IN06M, antigo IN06M-PC-05.

| IN06M-PC-05 | Nota media de acceso por preinscripción |
|---|---|
| Ano 2020 | 7,46 |
| Ano 2019 | 7,31 |
| Ano 2018 | 7,4 |
| Ano 2017 | 6,93 |
| Ano 2016 | 6,74 |
| Ano 2015 | |
| Ano 2014 | |

Pola súa banda, o indicador IN07M, antigo IN07M-PC-05 amosa a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis, que no ano 2020, ao igual que no 2019 e 2018, foi igual ao 100%.

| IN07M (antigo IN07M-PC-05) | Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis |
|---|---|
| Ano 2020 | 100 |
| Ano 2019 | 100 |
| Ano 2018 | 100 |
| Ano 2017 | 87,50 |
| Ano 2016 | 100 |
| Ano 2015 | |
| Ano 2014 | |

Oficialmente non se explicita a esixencia de complementos de formación. Nalgunhas materias, no tocante a certas partes do temario ou técnicas instrumentais, optouse por manter un nivel de esixencia diferenciado entre os alumnos graduados en Xeografía e Ordenación do Territorio e o resto do alumnado. Esta situación foi particularmente relevante nas materias "Fundamentos dos Sistemas Terrestres" e "Sistemas de Información Xeográfica para o desenvolvemento territorial".

Nos dous casos, os alumnado procedente do grao en Xeografía e Ordenación do Territorio atopábase moi familiarizados cos contidos e, sobre todo, coas técnicas de análise específicas. Pola contra, o alumnado procedente doutras titulacións atopou unhas certas dificultades de entrada para familiarizarse con conceptos, linguaxes ou técnicas.

O profesorado do máster é coñecedor desta realidade desde a súa primeira edición, e traballa a prol de nivelar as competencias e destrezas do alumnado. Nos traballos en equipo, procúrase que convivan titulados en xeografía e titulados noutras disciplinas. Deste xeito, o traballo en equipo favorece a transferencia de aptitudes, técnicas e coñecementos entre o alumnado. Esta estratexia dá os seus froitos nas dúas direccións, xa que os alumnos que non son titulados en Xeografía tamén transfiren coñecementos, competencias e metodoloxías aos alumnos titulados en Xeografía e Ordenación do Territorio. Por outra banda, o profesorado do Máster é consciente das necesidades de apoio dos alumnos que non cursaron o grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, e ofrece asesoramento e formación complementaria en moitos casos fóra do horario de titorías ou mesmo á finalización das clases, se se trata dalgunha dúbida que pode ser solventada rapidamente.

Canto á nacionalidade dos estudantes, tamén hai que sinalar este ítem como unha fortaleza do Máster. O indicador IN08M, antigo IN08M-PC-05 reflicte a presenza de 5 estudantes estranxeiros na edición pasada do máster, o que supón unha porcentaxe de máis do 25% de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados. Isto significa un elevado grao de internacionalización do mestrado.

| IN08M (antigo IN08M-PC-05) | Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre o total de matriculados |
|---|---|
| Ano 2020 | 28 |
| Ano 2019 | 0 |
| Ano 2018 | 0 |
| Ano 2017 | 11,76 |
| Ano 2016 | 9,09 |

| | |
|---|---|
| Ano 2015 | 5,56 |
| Ano 2014 | 14,29 |

Polo que se refire aos estudantes procedentes de fóra de Galicia, cabe sinalar tamén a presenza de estudantes doutras comunidades autónomas como Cataluña ou Madrid. En relación coa próxima edición do Máster, hai que sinalar que solicitaron información referente ao plano de estudos alumnos procedentes doutros países e doutras comunidades autónomas. As consultas e as dúbidas foron debidamente respondidas polo coordinador por correo electrónico.

O indicador, o IN09M-PC-05, seguinte amosa o éxito na captación de alumnado de fóra de Galicia. Como se pode apreciar, a última edición do mestrado foi especialmente positiva neste senso, cun 16% do total de alumnos procedentes doutra comunidade diferente da galega.

| IN09M-PC-05 | Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre o total de matriculados |
|---|---|
| Ano 2020 | 16 |
| Ano 2019 | 7,14 |
| Ano 2018 | 7,69 |
| Ano 2017 | 11,76 |
| Ano 2016 | 0 |
| Ano 2015 | 0 |
| Ano 2014 | 0 |

En canto ao número de prazas ofertadas, tal como recolle o presente indicador IN01M, antigo IN01M- PC-05, mantense no mesmo número (30) desde o comezo do máster.

| IN01M (antigo IN01M-PC-05) | Número de prazas ofertadas |
|---|---|
| Ano 2020 | 30 |
| Ano 2019 | 30 |
| Ano 2018 | 30 |
| Ano 2017 | 30 |
| Ano 2016 | 30 |
| Ano 2015 | 30 |
| Ano 2014 | 30 |

Porén o número de estudantes matriculados nun curso pódense ver no indicador IN02M, antigo IN02M-PC-05, cun valor de 25 alumnos de novo ingreso en 2020, o maior de toda a serie histórica de que dispoñemos.

| IN02M (antigo IN02M-PC-05) | Número de estudantes matriculados |
|---|---|
| Ano 2020 | 25 |
| Ano 2019 | 14 |
| Ano 2018 | 13 |
| Ano 2017 | 17 |
| Ano 2016 | 11 |
| Ano 2015 | 18 |
| Ano 2014 | 14 |

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...)

desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Coa fin de acadar unha mellora dos resultados pedagóxicos, as medidas técnicas postas en marcha no máster deron os seus resultados, dun xeito moi semellante ao previsto na memoria de verificación do mesmo. Isto é aplicable ás normas de permanencia ou, excepcionalmente (xa que o recurso ás mesmas non é frecuente), aos sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos.

Por outra banda, e como foi anteriormente exposto, os sistemas de avaliación amosan un nivel satisfactorio de coordinación entre os profesores, e os resultados dos traballos fin de máster, así como as práctica académicas externas, deben se considerados tamén moi satisfactorios. Isto é especialmente importante se temos en conta que unha parte importante do alumnado procede de estudos cunha forte carga teórica, o que implica unhas dificultades engadidas á hora de adaptarse a un xeito de traballo eminentemente práctico, que concede unha grande importancia ás técnicas e destrezas aplicadas.

A propia natureza aplicada do máster, relacionada coa práctica da planificación e xestión territorial, explica esta orientación netamente práctica. O módulo aplicado do segundo semestre, co desenvolvemento dos TFM do alumnado, métodos de investigación e prácticas académicas externas, contribúe dun xeito claro a mellorar os resultados formativos do máster e a capacidade de adaptación do alumnado ás esixencias do mercado laboral actual.

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
| --- |
| **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**<br>**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**<br>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese). |
| **2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.** |
| Aspectos a valorar:<br>● Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.<br>● A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.<br>● Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A publicidade do máster e a súa difusión a través da web é fundamental para conseguir captar alumnado. Na sociedade actual segue sendo importante a promoción a través do formato papel, pero cada vez é máis importante estar presente en Internet dun xeito doadamente accesible e atractivo.

En calquera caso, hai tempo que vimos observando que diferentes másters do Sistema Universitario Galego contan con páxinas webs propias, con dominios de internet independentes. No Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial procuramos respectar as normas referentes á limitación na utilización de dominios externos, empregando só o dominio oficial da USC, aínda que iso limitou sen dúbida as posibilidades de difusión do máster, tendo en conta a importancia da visibilización a través dunha páxina web. Ao longo dos meses de febreiro, marzo e abril de 2017 a coordinación do Máster foi traballando nos contidos da nova web do Máster, que xa se encontra operativa no seguinte enderezo web:

http://www.usc.es/masteres/gl/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/planificacion- xestion-desenvolvemento-territorial

A nova web trata de presentar dun xeito claro e intuitivo a información relevante para o alumnado. Consta das seguintes seccións, cos seus correspondentes contidos

Realmente, o Departamento impulsor do Máster debería promover unha publicidade moi novidosa e autónoma, pero desde o ano 2010 non conta con orzamento para levalo a cabo. A universidade debería dotar ao máster de certa autonomía económica para realizar labores de difusión e publicidade, sempre sometida á obtención de resultados. No entanto, recollendo as suxestións de diferentes membros da Comisión de Título do Máster, creáronse senllos perfís do Máster en Facebook e Twitter. Desde a Comisión de Título enténdese que é unha estratexia fundamental para achegarse a un público entre 20-30 anos de idade, coñecido popularmente como “Millennials”, que fai un uso intensivo de Internet como ferramenta de comunicación e das redes sociais en particular.

Nos últimos anos, vén sendo habitual a realización de charlas e conferencias a alumnos do último curso do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio. Ao mesmo tempo, os profesores do Departamento teñen realizado presentacións máis ou menos formais noutras universidades do Sistema Universitario Galego. Igualmente, tal como xa temos comentado, aténdense todas as consultas que chegan por internet, nun prazo de tempo sempre inferior ás 24 horas. Mesmo nalgún caso recibíronse consultas de alumnos de fóra de Galicia e recorreuse ao teléfono para solventar certas dúbidas concretas.

En canto ao Colexio de Xeógrafos, tamén participa na difusión regular e desinteresada do Máster. Os propios alumnos do Máster popularizan a oferta académica do mesmo grazas ao contacto directo con compañeiros de cursos anteriores ou doutras titulacións ou universidades.

Polo que se refire aos empregadores, as relacións son excelentes, en grande medida grazas ao esforzo sostido e voluntario do profesorado do Máster. A oferta de Prácticas Académicas Externas é moi completa, como xa se comentou. As Prácticas Académicas Externas supoñen a posibilidade real para o alumnado de entrar en contacto con administracións locais, institutos ou axencias do goberno de Galicia, consultoras e organizacións non gobernamentais implicadas todas elas en planificación ou xestión de cuestións territoriais.

Como proba do que estamos afirmando, cómpre poñer de manifesto que os resultados de empregabilidade dos nosos estudantes son moi bos, superiores a aqueles compañeiros que abandonan a súa formación oficial regrada unha vez obtido un grao ou título de arquitecto ou enxeñeiro.

A información sobre o título é obxectiva veraz, está actualizada e ademais é coherente co contido da memoria verificada. Publicítase o que o Máster é. En termos de información, de fondo, a promoción é correcta. Os problemas veñen dados pola falla de medios materiais para publicitar e conseguir un marketing que chegue aos potenciais alumnos interesados na realización do Máster.

No último curso non existe información disponible sobre a satistacción dos egresados coa información pública. En calquera caso, a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible é correcta, cun valor de 3,5 no penúltimo curso. A lixeira baixada implica a necesidade de reforzar este aspecto, tal como se refire nas accións de mellora.

| IN23M-PC-12 | Satisfacción dos egresados coa información pública disponible |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | sen datos |
| Ano 2018 | 2,60 |
| Ano 2017 | 3,5 |
| Ano 2016 | 3,93 |
| Ano 2015 | 1,4 |
| Ano 2014 | |

En canto á taxa de éxito dos egresados é moi satisfactoria segundo o último dato, do 2020, como se pode apreciar no indicador IN50M-S01-PM-01.

| IN50M-S01-PM-01 | Taxa de éxito dos egresados |
|---|---|
| Ano 2020 | 96,55 |
| Ano 2019 | 100 |
| Ano 2018 | 98,33 |
| Ano 2017 | 97,81 |
| Ano 2016 | 100,00 |
| Ano 2015 | |
| Ano 2014 | |

| DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO |
|---|
| **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**<br>**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**<br>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título. |
| **3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.** |
| Aspectos a valorar:<br>● Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.<br>● No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.<br>● Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.<br>● O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>O Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial ten como marco de funcionamento o sistema de garantía de calidade da USC, que aínda que comeza no curso 2010-11, aos poucos se ha ir adaptando e simplificando (Modificación dos indicadores e informes disponibles, Manual simplificado) á realidade dos estudos universitarios que se ofrecen na Universidade compostelana.<br>Máis en concreto, o Máster, áchase sometido ao Sistema de garantía da calidade da Facultade de Xeografía e Historia, centro co que se vincula a titulación. Este sistema, conformado polo Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos, foi modificado e aprobado pola Comisión de Calidade do Centro, a Xunta de Facultade e a Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno en decembro de 2019.<br>https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Manual-simplificado-do-SGIC-do-centro-2020.pdf ; https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Manual-de-procesos-e-procedementos-do-SGIC-do-centro-2020.pdf<br>Sistemas que permiten recoller e analizar a información necesaria para identificar e detectar as fortalezas e debilidades do título, así como realizar accións de mellora e o seguimiento dos diferentes procesos adoptados.<br>Xunto con estes documentos que garanten que todos os procesos referentes ao título se realicen de forma homogénea, de tal xeito que se poden integrar con facilidade sistemas de mellora nas diferentes accións, ou a detectar posibles problemas que se den no marco do funcionamento cotidian do Grao.<br><br>**Valoración:**<br>Disponse dun sistema garantía que evolucionou, simplificándose e adaptándose á realidade da Universidade e que foi implantado de forma progresiva.<br>Nestes momentos queda pendente de realización o Plan Estratéxico, en espera do diseño do novo da USC, así como a Mención de calidade da Facultade, o que implicaría un paso máis, ao tempo que facer unha simplificación do proceso, para acadar e garantir a calidade do propio centro e dos estudos que nel se imparten. |
| **3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.** |
| Aspectos a valorar:<br>● As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título. |

- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A valoración sobre a aplicación do SIGC é moi positiva xa que o sistema como se indicou, permite a detección de problemas, así como un seguimiento real das diferentes medidas a adoptar para unha mellora efectiva da titulación, así como a revisión e actualización, en caso de ser necesario dos diferentes procedementos cos que se actúa nel ou dos diferentes actores que participan nela
Pero esta cultura de calidade que é unha realidade nos títulos da Facultade de Xeografía e Historia e, en concreto na titulación se vai adaptando e simplificando coa elaboración de nova documentación que desde finais de 2019 entra en funcionamento

**Valoración:**
A valoración sobre a implantación do SIGC é positiva, xa que o mantemento dunha serie de procesos no título, mellorou o seguimiento do mesmo, á vez que as accións de mellora que non pódense implantar.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O SCG analiza, revisa, fai participar a todos os grupos de interese e implementa melloras no Máster. En todo caso, é preciso sinalar de novo que os seus resultados son limitados en tanto que non hai recursos asignados na mellora do mesmo.
A implicación de todos os grupos (PDI, PAS, estudantes, agrupacións profesionais, empresas, institucións) nos planos do SGC está asegurada. Os mecanismos de participación e difusión de resultados son satisfactorios. O SGC contribuiu a construir unha universidade máis implicada, participativa e aberta á súa contorna social e territorial.

Sen dúbida, existe unha cultura consolidada da calidade, que contribúe á súa mellora.

A cultura de calidade atópase presente na Facultade de Xeografía e Historia no que se imparte o título, así como nos diferentes centros relacionados coa a súa docencia, tal e como se evidencia na creación do Comité consultivo da Facultade de Xeografía e Historia. (Fonte.- http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/sgic.html)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**
**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A escaseza de recursos humanos é un dos graves problemas que afronta o Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial. O profesorado está sobrecargado e non nas mellores condicións para impartir unha docencia de calidade. Cando comezou a impartirse o Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial, o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela contaba con 22 profesores. Destes, 21 eran funcionarios (catedráticos e profesores titulares), e tan só había unha profesora asociada a tempo parcial.

Este cadro de persoal era responsable do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, do propio Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial e ademais impartía docencia noutros másters da Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade, os recursos humanos do Departamento de Xeografía evolucionaron cara unha situación sensiblemente diferente, caracterizada pola menor proporción de profesorado estable e o incremento de profesores con contratos precarios, en varios casos a tempo parcial.

A sobrecarga docente vese agravada porque moitos dos profesores funcionarios desempeñan cargos de xestión (director e secretario de Departamento, coordinador do Máster e Director do CETUR, director do CEER, etc). A necesidade de desempeñar cargos como esixencia para o correcto funcionamento dos órganos colexiados e para a dinamización da investigación, aínda que en moitos casos conta con recoñecemento de descontos docentes, consume aínda máis tempo a un profesorado xa de por si sobrecargado cos seus labores de docencia e investigación, nun contexto onde as esixencias burocráticas son cada vez maiores.

Sen dúbida a situación máis preocupante é a que afecta ao profesorado máis novo, especialmente aqueles profesores que teñen contratos a tempo parcial. Cun salario mensual lixeiramente superior aos 300 euros, han de dar clases, publicar, dirixir traballos de investigación, participar en proxectos de investigación e ser moi activos para acumular méritos que lles permitan superar con éxito os difíciles procesos competitivos que lles permitirán os seus postos de traballo.

Todo isto hai que contextualizalo dentro duns niveis de calidade do profesorado certamente elevada. A maioría do profesorado do Máster está encadrado dentro de grupos de investigación que son considerados pola Xunta de Galicia como grupos de referencia competitiva, é dicir, de excelencia.

Ditos grupos de investigación contan cunha produción científica moi relevante, con numerosos artigos científicas indexados en JCR e Scopus, así como dirección de teses de doutoramento e proxectos competitivos. O Departamento de Xeografía é o terceiro de España por produción científica, por detrás dos departamentos da UAB e da UB, se ben cuns medios e recursos humanos sensiblemente menores que estes dous citados.

En relación co recoñecemento das capacidades docentes do profesorado, é preciso sinalar que os recortes que se rexistaron nos últimos anos no ámbito universitario teñen sido moi negativos para a estabilización do profesorado. Como xa diximos, o profesorado máis xoven ten unha capacitación sobresaliente, pero non ve recoñocida a súa probada excelencia (a través de acreditacións pola ANECA e a ACSUG) con posibilidades de promoción. A situación é especialmente grave no caso de dous profesores contratados interinos por substitución que están acreditados ámbolos dous para profesores titulares desde hai máis de tres anos. A imposibilidade de estabilización ata o momento non é só negativa para os seus intereses e situacións persoais, senón que lles impide ter recoñecidos sexenios de investigación, o que afecta negativamente aos seus grupos de investigación e, por extensión, a todo o Departamento e aos indicadores de calidade do Máster.

O cadro de persoal é claramente deficitario en relación coas necesidades docentes requiridas por un Máster de calidade e isto é unha das feblezas máis acusadas que cómpre sinalar.

Como se pode apreciar na táboa adxunta, a porcentaxe de profesorado con sexenios sobre o total descendeu con respecto ao curso anterior. Isto é debido a que o profesorado que non mantén unha relación contractual estable coa universidade non pode solicitar ditos sexenios, a pesar de ter na meirande dos casos méritos suficientes para acadalos. O indicador IN24M, antigo IN24M-PS-01, reflicte este feito. Na penúltima edición do máster o 60% do PDI contaba con algún sexenio de investigación. Na última edición do mestrado a porcentaxe foi lixeiramente inferior.

| IN24M<br>(antigo IN24M-PS-01) | Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total |
|---|---|
| Ano 2020 | 57,14 |
| Ano 2019 | 60 |
| Ano 2018 | 80 |
| Ano 2017 | 75 |
| Ano 2016 | 77,78 |
| Ano 2015 | 75 |
| Ano 2014 | 72,73 |

Na seguinte táboa (indicador IN25M, antigo IN25M-PS-01) tamén se pode apreciar os efectos que o déficit de persoal ten sobre a porcentaxe de PDI doutor sobre o total do Máster, xa que é preciso que haxa algún profesorado non doutor que imparta docencia no máster. Na última edición do máster o valor é de 80 % do profesorado.

| IN25M<br>(antigo IN25M-PS-01) | Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total |
|---|---|
| Ano 2020 | 80 |
| Ano 2019 | 72,73 |
| Ano 2018 | 72,73 |
| Ano 2017 | 81,82 |
| Ano 2016 | 100,00 |
| Ano 2015 | 100,00 |
| Ano 2014 | 90,91 |

Algo semellante acontece co PDI funcionario sobre o total, xa que se pode observar que na actualidade menos das dúas terceiras partes do mesmo ten esta figura laboral. Para isto empregamos o indicador IN26M (antigo IN26M-PS-01).

| IN26M<br>(antigo IN26M-PS-01) | Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total |
|---|---|
| Ano 2020 | 63,64 |
| Ano 2019 | 55,56 |
| Ano 2018 | 55,56 |
| Ano 2017 | 80,00 |
| Ano 2016 | 100,00 |
| Ano 2015 | 87,50 |
| Ano 2014 | 90,91 |

Pola súa banda, a ratio de estudantes a tempo completo amosa un valor de 1.1, inferior aos dous últimos cursos académicos anteriores, como amosa o indicador IN30M, antigo IN30M-PS- 01.

| IN30M-PS-01 | Ratio de estudantes por profesor a tempo completo |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | sen datos |
| Ano 2018 | sen datos |
| Ano 2017 | sen datos |
| 1,10 | 1,10 |
| 2,00 | 2,00 |
| 1,40 | 1,40 |

En relación cos cursos de formación, é preciso sinalar que a Universidade de Santiago de Compostela oferta todos os anos unha serie de cursos de formación estándar, dentro da programación xeral de formación continua do profesorado. Porén, sería preciso que o profesorado da universidade puidese participar en cursos de formación e actualización (universitarios ou profesionais) con financiamento por parte da universidade. Sería necesario que o profesorado coñecese o estado da cuestión e as novidades e últimas técnicas de análise en materias como xeorreferenciación, sistemas de información xeográfica, teledetección, técnicas de análise cuantiatativas e cualitativas, etc. Nalgúns casos, esta formación podería recibirse noutras universidades españolas ou do estranxeiro. Noutros, son empresas privadas como ESRI ou asociacións profesionais as que ofertan cursos que serían de grande interese para os docentes do Máster.

En relación cos programas de mobilidade, cómpre sinalar a grande receptividade do profesorado e o alumnado cara os mesmos. Por parte do profesorado, é a propia traxectoria académica e investigadora do mesmo o que permite manter unha intensa mobilidade e relacións frecuencias con outras universidades europeas. En moitos casos, estes contactos previos terminan desembocando en posibles convenios de colaboración que poden dar paso a programas de mobilidade regrados.

Canto á resposta da Universidade ante a necesidade de convocar máis prazas para garantir un cadro de recursos humanos de PDI suficiente, é preciso dicir que as restricións impostas polo Ministerio de Facenda a nivel estatal, e as limitacións da taxa de reposición de profesorado nos momentos álxidos da crise económica, impediron unha necesaria renovación do cadro de persoal. Isto implicou, como xa se puxo da manifesto na memoria de verificación do título, que tres xubilacións de profesores titulares do Departamento de Xeografía foron resoltas coa convocatoria de prazas precarias de profesorado a tempo parcial.

| **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.** |
| --- |
| Aspectos a valorar:<br>● O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.<br>● O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.<br>● No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.<br>● A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>Non existe persoal de apoio específico ao Máster. Cabe indicar o elevado grao de compromiso co máster de todo o persoal de administración e servizos da Facultade de Xeografía e Historia. A xestora académica da Facultade, a secretaria administrativa do Departamento de Xeografía e todos os PAS desempeñan perfectamente os distintos labores que teñen asignados. As instalacións onde se desenvolven as clases do máster están en correcto estado de limpeza e orde, os equipos informáticos e periféricos funcionan correctamente e o alumnado recibe unha atención moi correcta.<br><br>En calquera caso, cabe sinalar a sobrecarga de traballo que experimentan algúns destes traballadores administrativos. Por exemplo, a secretaria administrativa do Departamento de Xeografía tamén é secretaria administrativa do Departamento de Historia, cuxa sede é tamén a mesma facultade. Ademais de atender á organización administrativa dos dous departamentos con cadansúas titulacións de grao (Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e Grao en Historia), esta persoa é o único persoal administrativo de apoio asignado ao Máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial. Pero ademais, é tamén a única administrativa de apoio a outro Máster coordinado desde o Departamento de Historia. É evidente que se produce unha situación de sobrecarga de traballo en momentos puntuais que debería ser evitada asignando máis recursos humanos de carácter administrativo ao Máster. |

| DIMENSIÓN 2. RECURSOS |
|---|
| **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**<br>**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**<br>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título. |
| **5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.** |
| Aspectos a valorar:<br>● As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …<br>● Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …<br>● Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.<br>● Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.<br>● No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.<br>● Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>● Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>● Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.<br>● Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).<br>● No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>**Reflexión:**<br>A docencia do Máster desenvólvese na Facultade de Xeografía e Historia. Edificio que reúne, malia tratarse dun edificio histórico as condicións adecuadas para a impartición do mesmo. É esta condición de inmueble histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase desenvolvendo o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.<br>O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espacios as diferenzas de accesibilidade.<br>O edificio dispon de 19 aulas e 8 seminarios (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestruturas.html). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e cañons de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifii. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Master en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións compleméntanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual.<br>Tamén conta cunha importante biblioteca (https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/xeohisto/), que consta de 447 postos de lectura, en constante crecemento, tal y como se manifesta nos Recursos bibliográficos e |

de infraestructura bibliotecaria, que neste ano incrementáronse, no que respecta a monografías en 1332 volumenes, quedando os fondos conformados por 137848 monografías, outro material non librario (microfilms, dvds, mapas …) 4473; e publicacións períodicas 3186; Fonte.- Informe Biblioteca da Facultade). Institución que aporta a posibilidade de contar co apoio das bibliotecas de outros centros e dos servicios centrais (https://www.usc.gal/gl/servizos/biblioteca/).

Xunto con estas infraestructuras e recursos, tamén é necesario indicar neste apartado os servicios disponibles na facultade para que os alumnos podan realizar as prácticas académicas externas en diferentes institución para os que se asinan mais de cuarenta convenios con diversas institucións o empresas de Galicia (https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/en/centros/xeohistoria/descargas/Convenios-de-practicas-externas-2019.pdf)

Do mesmo xeito que no ítem anterior, tamén e conveniente sinalar o crecimiento do indicador de Satisfacción dos egresados cos servicios, nos que se superan os catro puntos sobre un total de cinco (IN33G)

**Valoración:**

A valoración de recursos materias, infraestructuras e servizos con que conta o Grado de Historia da Arte, é altamente positiva, xa que é fruto dun proceso continuado dende a súa creación, e aínda que nos últimos anos sufriu un pequeno retroceso a consecuencia, da crise económica aínda que non lle afectou tanto como a outros sectores universitarios.

Boa proba de esta valoración positiva é o ítem da Satisfacción dos egresados cos servicios, nos que se superan os catro puntos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS | |
|---|---|

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:**

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A resposta a esta cuestión é claramente afirmativa. Os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil do máster e cos obxectivos de formación. Nun plano máis concreto, pódese precisar que os alumnos reciben unha formación teórica e práctica moi completa en ordenación e planificación territorial.

A formación metodolóxica que reciben os alumnos do máster é completa, acostumándose a traballar con metodoloxía cuantitativa e cualitativa. Enquisas, cuestionarios, entrevistas estruturadas, semiestruturadas e desestruturadas, grupos focais, observación participante e outras metodoloxías son partes fundamentais da formación do alumnado.

Varias das asignaturas do máster implican uns importantes requerimentos en canto á análise de datos primarios e secundarios, así como de realización de informes. Na metodoloxía de ensino insísteselle ao alumnado da importancia de traballar baixo o suposto de facelo para unha consultora privada ou para un organismo público.

A media de alumnado por grupo de teoría mantense nun valor inferior a 10 en todas as edicións do máster realizadas ata o momento, tal como reflicte o indicador IN31M-PS- 01 (sen datos para os dous últimos cursos).

| IN31M-PS-01 | Media de alumnos por grupo de teoría |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | sen datos |
| Ano 2018 | 5,75 |
| Ano 2017 | 7,05 |
| Ano 2016 | 4,40 |
| Ano 2015 | 9,80 |
| Ano 2014 | 9,50 |

O indicador IN32M reflicte, pola súa banda, as cifras de media de alumnos nos grupos das clase interactivas. O valor é de 13,8.

| IN32M | Media de alumnos por grupo de interactiva |
|---|---|
| Ano 2020 | 13,8 |
| Ano 2019 | 6,32 |
| Ano 2018 | 5,83 |

| | |
|---|---|
| Ano 2017 | 7,17 |
| Ano 2016 | 4,57 |
| Ano 2015 | 9,65 |
| Ano 2014 | 9,22 |

No segundo semestre, a realización das Prácticas Académicas Externas afonda nun perfil formativo moi práctico. Igualmente, a realización dun Traballo Fin de Máster (TFM) supón á iniciación a un traballo de investigación que constitúe unha excelente aprendizaxe para o mercado laboral ao que ha de enfrontarse o alumno unha vez que se atope en busca activa de emprego.

A valoración dos obxectivos propostos a partir das cualificacións amosa uns resultados notables. O mesmo se pode argumentar desde o punto de vista da cualificación e empregabilidade dos egresados.

Unha mellora dos orzamentos e na partida orzamentaria adicada ao máster redundaría nun salto adiante, que permitiría ao máster conseguir unha mellor situación dentro dos rankings de másters en España dentro da especialización na que se sitúa.

Os indicadores IN55M e IN56M reflicten, pola súa banda a media de alumnos matriculados en materias expositivas (FB e OB, por unha banda, e optativas, por outra). Os valores son respectivamente de 18,2 e 9,4.

| IN55M | Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) |
|---|---|
| Ano 2020 | 18,2 |
| Ano 2019 | 8 |
| Ano 2018 | sen datos |
| Ano 2017 | sen datos |
| Ano 2016 | sen datos |
| Ano 2015 | sen datos |
| Ano 2014 | sen datos |

| IN56M | Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) |
|---|---|
| Ano 2020 | 9,4 |
| Ano 2019 | 4,44 |
| Ano 2018 | sen datos |
| Ano 2017 | sen datos |
| Ano 2016 | sen datos |
| Ano 2015 | sen datos |
| Ano 2014 | sen datos |

**DIMENSIÓN 3. RESULTADOS**

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:**

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores do programa formativo do máster son congruentes co plan de acción recomendado pola ACSUG despois da memoria de verificación do Máster. En calquera caso, hai un aspecto no que non se acadaron os resultados prometidos: o número de alumnos. Desde o punto de vista organizacional, sería conveniente contar cun volume regular de alumnos en torno a 15, o que permitiría asemellar ao máster ao contexto europeo xeral.

En todo caso, tal como se reflectiu na memoria de verificación, está en marcha o proceso de impulso á creación dunha titulación de dobre máster en Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial e Economía Aplicada, co que efectivamente se logrará o óptimo de 20 alumnos. É preciso indicar que os recortes dos últimos anos nos orzamentos universitarios actuaron de xeito negativo, creando un entorno global de sobrecarga do profesorado e ausencia de apoio en promoción externa do máster.

Neste senso, hai que que ter en conta tamén que a crise económica supuxo un parón la licitación de Plans Xerais de Ordenación Municipal, Plans Estratéxicos, Plans Especiais e plans de xestión en xeral, debido á conxelación de fondos públicos adicados a eles.

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O grao de satisfacción dos estudantes do Máster é elevado nos últimos anos, como poñen de manifesto os indicadores oficiais. En calquera caso, é conveniente reflexionar de novo sobre a necesidade de implantar un método de recollida de información sobre a satisfacción do estudante que permita obter resultados de xeito máis fiable. Na actualidade, o estudante debe cumprimentar os formularios e enquisas de valoración online, o que implica unhas taxas de resposta moi baixas.

Desde o noso punto de vista é necesario volver ao sistema anterior, con enquisador presencial na propia aula. No método anterior, as enquisas eran distribuídas en papel entre o alumnado por unha persoa encargada, que ía á aula provista dos cuestionarios e lapis co logotipo corporativo da USC (que logo quedaban como agasallo para os alumnos). Os cuestionarios eran volcados á plataforma informática cun lector óptico, de xeito que era un proceso totalmente

informatizado. É evidente que sempre había que adicar un tempo a escanear cada un destes cuestionarios, pero a taxa de resposta era sempre moito maior, e polo tanto a fiabilidade das enquisas tamén o era.

A táboa seguinte amosa os valores das taxas de resposta do alumnado coa docencia recibida, segundo o indicador IN48-PM-02. Tal como se pode ver, a taxa de resposta do alumnado é baixa, o cal compromete totalmente a fiabilidade dos resultados, se ben no último curso duplicouse a taxa de resposta en valores relativos.

| IN48M | Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida |
|---|---|
| Ano 2020 | 47,62 |
| Ano 2019 | 66,67 |
| Ano 2018 | 33,33 |
| Ano 2017 | 7,69 |
| Ano 2016 | 57,14 |
| Ano 2015 | 46,67 |
| Ano 2014 | 50,00 |

Para o alumnado, visibilizar que viña persoal da súa propia universidade e preguntarlles sobre a satisfacción co seu programa de estudos, implicaba algo importante, ao que concedían atención e co que se implicaban. Aínda que pareza algo pouco relevante, o feito de agasallarlles cun lapis co logotipo da USC tamén era un detalle relevante, que fomentaba a implicación do alumnado no proceso.

En relación cos resultados de satisfacción propiamente ditos, alén dos valores estritamente cuantitativos (condicionados pola mostraxe), é preciso incidir na valoración cualitativamente positiva que os alumnos fan da proximidade do profesorado e co trato personalizado que se lles dispensa. Isto acontece tamén no trato diario do persoal de administración e servizos encargado do mantemento das aulas do máster, do equipamento das aulas, etc. O que en principio é unha febleza (o cativo número de alumnos) convértese nunha fortaleza, o que favorece a participación de todos os axentes implicados no máster e fomenta o establecemento de relacións de proximidade e cercanía entre todos eles.

O indicador IN46M amosa o grao de satisfacción coa docencia recibida, que supera os 4 puntos folgadamente sobre un total de 5 nas dúas últimas edicións.

| IN46M | Satisfacción do alumnado coa docencia recibida |
|---|---|
| Ano 2020 | 4,49 |
| Ano 2019 | 4,10 |
| Ano 2018 | 3,34 |
| Ano 2017 | 5,00 |
| Ano 2016 | 3,96 |
| Ano 2015 | 3,56 |
| Ano 2014 | |

Tamén é positivo o indicador da satisfacción do profesorado coa docencia impartida, aínda que descende en relación coa edición anterior.

| IN47M | Satisfacción do profesorado coa docencia impartida |
|---|---|
| Ano 2020 | 3,58 |
| Ano 2019 | 4,37 |
| Ano 2018 | 3,26 |
| Ano 2017 | 3,56 |
| Ano 2016 | 3,73 |

| | |
|---|---|
| Ano 2015 | 3,83 |
| Ano 2014 | |

Continuando cos indicadores de satisfacción, é preciso deterse agora nos que se refiren ás prácticas externas. O nivel de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas do 2019 é superior aos 4 puntos, como se pode ver no indicador IN19M. No ano 2020 non se acadaron respostas, o que pode deberse ás circunstancias excepcionais no contexto da pandemia.

| IN19M | Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4,02 |
| Ano 2018 | |
| Ano 2017 | 4,29 |
| Ano 2016 | 3,14 |
| Ano 2015 | 5 |
| Ano 2014 | 5 |

Tamén é igualmente elevada a satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas, acadando un valor elevado, de 4,33 no ano 2019. No ano 2020 non hai datos disponibles.

| IN20M | Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4,33 |
| Ano 2018 | |
| Ano 2017 | |
| Ano 2016 | |
| Ano 2015 | |
| Ano 2014 | |

Canto á satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible, supera os 3 puntos, e increméntase 6 décimas en relación ao valor do curso anterior no ano 2019. No ano 2020 non hai datos.

| IN23M | Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 3,2 |
| Ano 2018 | 2,6 |
| Ano 2017 | 3,5 |
| Ano 2016 | 3,93 |
| Ano 2015 | 1,4 |
| Ano 2014 | 0 |

A taxa de rendemento mantense en valores elevados, superior sempre ao 80%, como ben reflicte o indicador IN34M

| IN34M | Taxa de rendemento |
|---|---|
| Ano 2020 | 84,39 |
| Ano 2019 | 89,53 |
| Ano 2018 | 91,25 |
| Ano 2017 | 89,80 |
| Ano 2016 | 85,93 |
| Ano 2015 | 90,27 |

| | |
|---|---|
| Ano 2014 | 86,59 |

A taxa de éxito acada no último curso un valor próximo ao máximo, cun 98,76%.

| IN35M | Taxa de éxito |
|---|---|
| Ano 2020 | 98,76 |
| Ano 2019 | 100 |
| Ano 2018 | 100 |
| Ano 2017 | 98,32 |
| Ano 2016 | 94,46 |
| Ano 2015 | 100 |
| Ano 2014 | 99,07 |

Outro indicador moi positivo é a taxa de avaliación, que reflicte o IN36M, e acada un valor de case o 90%.

| IN36M | Taxa de avaliación |
|---|---|
| Ano 2020 | 85,45 |
| Ano 2019 | 89,53 |
| Ano 2018 | 91,25 |
| Ano 2017 | 91,33 |
| Ano 2016 | 88,98 |
| Ano 2015 | 90,27 |
| Ano 2014 | 87,4 |

Canto á taxa de gradación, supera o 70% e increméntase en máis de 16 puntos porcentuais en relación co ano anterior.

| IN37M | Taxa de gradación |
|---|---|
| Ano 2020 | 87,5 |
| Ano 2019 | 71,43 |
| Ano 2018 | 60 |
| Ano 2017 | 66,67 |
| Ano 2016 | 83,33 |
| Ano 2015 | 70 |
| Ano 2014 | |

A duración media dos estudos é de pouco máis dun ano, o que reflicte unha boa adaptación do alumnado ao timing previsto no plano de estudos, do que cabe facer unha lectura positiva.

| IN38M | Duración media dos estudos |
|---|---|
| Ano 2020 | 1,36 |
| Ano 2019 | 1 |
| Ano 2018 | 1,17 |
| Ano 2017 | 1,44 |
| Ano 2016 | 1,67 |
| Ano 2015 | 1,4 |
| Ano 2014 | 1 |

Polo que se refire ao indicador IN39M, que mide a eficiencia dos titulados, non se obtiveron datos nos últimos anos.

| IN39M | Eficiencia dos titulados |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | |
| Ano 2018 | |
| Ano 2017 | |
| Ano 2016 | |
| Ano 2015 | 96,15 |

| | |
|---|---|
| Ano 2014 | 100 |

Canto á taxa de abandono, acadouse un valor de 0, como reflicte o indicador IN41M, o que caba interpretar de xeito moi positivo.

| IN41M | Taxa de abandono |
|---|---|
| Ano 2020 | 0 |
| Ano 2019 | 0 |
| Ano 2018 | 20 |
| Ano 2017 | 0 |
| Ano 2016 | 16,67 |
| Ano 2015 | 30 |
| Ano 2014 | |

No que toca á satisfacción xeral dos egresados coa titulación, o valor é de 4 puntos no 2019, ao igual que no que se refire ao grao de satisfacción dos egresados cos servizos. No 2020 non existen datos dispoñibles.

| IN42M | Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4 |
| Ano 2018 | 3,76 |
| Ano 2017 | 3,17 |
| Ano 2016 | 3,43 |
| Ano 2015 | 2,83 |
| Ano 2014 | 0 |

| IN33M | Grao de satisfacción dos egresados cos servizos |
|---|---|
| Ano 2020 | sen datos |
| Ano 2019 | 4 |
| Ano 2018 | 3,76 |
| Ano 2017 | 3,17 |
| Ano 2016 | 3,43 |
| Ano 2015 | 2,83 |
| Ano 2014 | 0 |

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados da inserción laboral dos egresados do máster amosan unha evolución positiva a grandes trazos, se ben hai que facer dúas puntualizacións. En primeiro lugar, nos últimos anos é preciso ter en conta o contexto de crise, do que xa falamos anteriormente. A diminución da oferta de emprego público e a caída na licitación de plans de ordenación, planificación e xestión territorial limitaron o volume de traballo de consultoras, potenciais empregadoras dos alumnos. En segundo lugar, hai que ter en conta de novo a fiabilidade da mostra coa que se traballa, un aspecto do que xa falamos.

En calquera caso, existe unha sensibilidade por parte do profesorado do máster en adaptar a formación dos estudantes á demanda do mercado laboral, de xeito que se reforcen os aspectos prácticos da docencia e realicen simulacións de proxectos reais e informes que os alumnos deberán desenvolver nas empresas que os contraten unha vez egresados.

Desde a dirección do máster tense constancia de que moitos dos alumnos participantes están actualmente traballando con contratos vinculados a proxectos de investigación e con empresas; ou foron contratados a tempo completo ou parcial polas empresas nas que desenvolveron as prácticas externas (Meteogalicia, Consorcio de Santiago de Compostela).

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| **MODIFICACIÓN** | **XUSTIFICACIÓN** |
| | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **Criterios** | **Nº** | **Evidencia / Indicador** | **Documento/enlace** |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 4313722_P.Ind_2018-2019<br>4313722_INF.16_2018-2019<br>4313722_INF.CiUG_2018-2019 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 4313722 _I2_2018-2019 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 4313722_P.Ind_2018-2019<br>5075_INF.03_2018-2019 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida “Información mínima pública*”) | Web da USC<br>Web do Centro<br>Web do Título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Web do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | Web do Centro |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Web do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 4313722_P.Ind_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.04_2018-2019 |
| | | | 5075_INF.05_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.06_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.07_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.08_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.09_2018-2019 |
| | | | 5075_INF.10_2018-2019 |
| | | | 5075_INF.11_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.13_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.14_2018-2019 |
| | | | 5075_INF.21_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.22_2018-2019 |
| | | | 4313722_INF.23_2018-2019 |
| | | | 4313722_Informe_de_indicadores_2018-2019 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 4313722_P.Ind_2018-2019 |
| | | | 4313722_Informe_de_indicadores_2018-2019 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4313722_E15_2018-2019 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5075_E16_2018-2019 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5075_I6-I7_2018-2019 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5075_I6-I7_2018-2019 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | 4313722_INF.13_2018-2019<br>4313722_INF.14_2018-2019 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5075_I10_2018-2019 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | Web do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Web do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Enlace web ou PDF |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus Virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Enlace web ou PDF |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 4313722_INF.15_2018-2019 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | 4313722_P.Ind_2018-2019<br>4313722_INF.17_2018-2019<br>4313722_INF.18_2018-2019<br>4313722_INF.19_2018-2019<br>4313722_ INF_SIIU_2018-2019<br>4313722_Informe_de_indicadores_2018-2019 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 4313722_P.Ind_2018-2019<br>4313722_INF.CiUG_2018-2019<br>4313722_Informe_de_indicadores_2018-2019 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 4313722 _EIL-SIIU_2018-2019<br>4313722_EIL-ACSUG _2018-2019 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 4313722_P.Ind_2018-2019<br>4313722_Informe_de_indicadores_2018-2019<br>4313722_MedUSC_2018-2019 |

**PLAN DE MELLORAS**

Nota importante: debe terse en conta que esta titulación extinguiu a súa oferta docente no curso 20219-20. As accións de mellora aquí sinaladas eran as planificadas antes de coñecerse a decisión da extinción da titulación. Porén, tal como están formuladas deben ser comprendidas no contexto da existencia dunha nova titulación de mestrado diferente, resultado da fusión desta titulación coa do Mestrado en xestión sustentable da terra e o territorio, impartido na Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo. A nova titulación recibe o nome de Máster en Planificación e Xestión Territorial, e está en funcionamento no presente curso 2020-21.

| | |
|---|---|
| **Código** | AM-1 (Agenda curso 2020-2021) |
| Orixe | Apartado 1.4. Admisión de estudantes |
| Ámbito de aplicación | Informe de seguimiento curso 2021-2022 |
| Análise causa | Escaso alumnado de procedencia internacional. |
| Definición/ | Ampliar a oferta de prazas para alumnado estranxeiro |

| | |
|---|---|
| descrición proposta | |
| Datas | Finalización: 31/10/2022; Inicio: 01/09/2021 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Miguel Pazos Otón, María José PIñeira |
| Tarefa1 | AM-1.1 |
| Descrición tarefa | Objetivo específico: Ampliar la oferta de prazas para alumnado estranxeiro<br>Actuaciones a desarrollar:<br>Trasladar ao vicerreitorado de internacionalización o interes por ampliar a oferta de prazas para alumnado estranxeiro.<br>Consolidar os convenios asinados o curso parsado para que o alumando de Marrocos poda integrarse no máster.<br>Desenvolver unha campaña informativa sobre o máster no extranxeiro, partido da rede de colaboración que o profesorado do máster ten desenvolvida con outras universidades de Latinoamérica e África principalmente. Nembargantes, a posibilidade de que o alumnado deses países poda formarse no máster dependerá da evolución das bolsas ofertadas, así como do estado en que se atope a crise santiaria derivada do COVID19.<br>Indicadores de ejecución: Programación curso 2021-2022. |
| Data prevista de finalización | 31/10/2022 |
| Responsable | Miguel Pazos Otón, María José Piñeira |
| Estado | Activa |

| PLAN DE MELLORAS | |
|---|---|
| **Código** | AM-2 (Agenda curso 2020-2021) |

| | |
|---|---|
| Orixe | Apartado 6.1. Prácticas Externas en Empresas |
| Ámbito de aplicación | Informe de seguimiento curso 2021-2022 |
| Análise causa | Necesidade de ampliar o abano de oferta de prácticas en empresas. |
| Definición/ descrición proposta | Ampliar a oferta de empresas e o ámbito territorial das mesmas co fin de facilitarlle ao alumnado que reside fóra de Santiago o desenvolvemento das prácticas externas en empresas. |
| Datas | Finalización: 31/10/2022; Inicio: 01/09/2021 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Miguel Pazos Otón, María José PIñeira |
| Tarefa1 | AM-1.2 |
| Descrición tarefa | Objetivo específico: Ampliar la oferta de PAE.<br>Actuaciones a desarrollar: Firma de nuevos convenios con empresas para a realización das PAE.<br>Indicadores de ejecución: Programación curso 2021-2022. |
| Data prevista de finalización | 31/10/2022 |
| Responsable | Miguel Pazos Otón, María José Piñeira |
| Estado | Activa |

| PLAN DE MELLORAS | |
|---|---|
| **Código** | AM-3 (Agenda curso 2020-2021) |
| Orixe | Apartado 7.2. Satisfacción dos estudantes |
| Ámbito de aplicación | Informe de seguimiento curso 2021-2022 |
| Análise causa | Mellora da satisfacción do estudantado |
| Definición/ descrición proposta | Incorporar mecanimos de control trimestrales que permitan detectar entre ao alumnado e profesorado se hai algún problema no desenvolvemento do máster. |
| Datas | Finalización: 31/10/2022; Inicio: 01/09/2021 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Miguel Pazos Otón, María José PIñeira |
| Tarefa1 | AM-1.2 |
| Descrición tarefa | Objetivo específico: Mellorar a satisfacción do estudantado.<br>Actuaciones a desarrollar: Desenvolver reunións periódicas en grupo co alumnado para coñecer a súa opinión sobre o desenvolvemento do máster, tanto no que atinxe ás materias impartidas e profesorado, como aspectos relacionados coa coordinación, información, recursos, etc.<br>Desenvolver reunións grupais periódicas co profesorado para coñecer a evolución do curso e recopilar información sobre a evolución do alumnado (rendemento, se se observan algúns problemas, etc.)<br>Indicadores de ejecución: Programación curso 2021-2022. |
| Data prevista de finalización | 31/10/2022 |
| Responsable | Miguel Pazos Otón, María José PIñeira |
| Estado | Activa |

| ACCIÓNS DE MELLORA ANTERIORES | |
|---|---|
| **Código** | AM-1 (Agenda curso 2014-2015) |
| Orixe | Criterios 3 e 4.- Competencias/Obxectivos e Acceso e admisión de estudantes |
| Ámbito de aplicación | Informe de seguimiento curso 2013-2014 |
| Análise causa | Ajustar competencias y objetivos a las materias. |
| Definición/ descrición proposta | Mejorar el ajuste de los objetivos y competencias a los contenidos de las materias. |
| Datas | Finalización: 31/08/2015; Inicio: 31/10/2014 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Carlos Ferrás Sexto |
| Tarefa1 | AM-1.1 |
| Descrición tarefa | Objetivo específico: Revisar la adaptación de los objetivos y competencias de la memoria a las programaciones.<br>Actuaciones a desarrollar: Revisión por pare de la comisión académica antes de su aprobación en Comisión Académica y en Comisión de Calidad del Centro.<br>Indicadores de ejecución: Programación curso 2014-2015 |
| Data prevista de finalización | 31/08/2015 |
| Responsable | Carlos Ferrás Sexto |
| Estado | Activa |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-2 (Agenda curso 2014-2015) |
| Orixe | Criterio 5.- Planificación das ensinanzas |
| Ámbito de aplicación | Informe de seguimiento curso 2013-2014 |
| Análise causa | Mejorar la coordinación en cuanto a la carga de trabajo del alumno |
| Definición/ descrición proposta | Se deben establecer pautas para que todas las materias tengan una misma repercusión en el trabajo del alumno de acuerdo con el número de créditos de dichas materias. |
| Datas | Finalización: 31/08/2015; Inicio: 31/10/2014 |
| Estado/Eficacia | Estado: Activa; Eficacia : -- |
| Responsables | Carlos Ferrás Sexto |
| Tarefa1 | AM-2.1 |
| Descrición tarefa | Ámbito de aplicación: Programación Académica curso 2014-2015<br>Objetivo específico: Unificar los criterios de evaluación y de realización de los trabajos por materias a través de criterios comunes básicos<br>Actuaciones a desarrollar: Programaciones curso 2014-2015<br>Indicadores de ejecución: Programaciones curso 2014-2015 |
| Data prevista de finalización | 31/08/2015 |
| Responsable | Carlos Ferrás Sexto |
| Estado | Activa |

# Reunión ordinaria do Máster de Planificación e Xestión do Desenvolvemento Territorial 24/09/2019

Asisten: Miguel Pazos, María José Piñeira, Valeriá Paül. Excusa a súa presenza Manuela Costas.

**Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Apróbase

**Informe de coordinador**

Este ano temos 21 alumnos/as
En relación ao novo máster, o coordinador comenta que se atopa na fase de deseño, pendente de aprobar a memoria polo Consello de Goberno.
Solicitarase ao profesorado do máster que transmita con suficiente antelación as datas de entrega das prácticas realizadas polo alumnado.

**Datas defensa TFM curso 2019-20**

Segundo o calendario da USC os períodos habilitados para a defensa dos TFM son:

Primeiro período: 03/02/2020 - 21/02/2020
Segundo período: 22/06/2020 - 20/07/2020 03/09/2020 - 18/09/2020

A comisión académica do máster decide que as datas de defensa sexan as seguintes:

Primeiro período:
Depósito do TFM: 10/02/2020
Defensa do TFM: 17/02/2020
Segundo período:
Depósito TFM: 10/07/2020 Defensa TFM: 16/07/2020
Depósito TFM: 30/07/2020 Defensa TFM: 04/09/2020

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Tribunais (para todas as convocatorias):**

*Tribunal 1:*

| *Titulares* | *Suplentes* |
|---|---|
| Presidencia: Rubén C. Lois<br>Vocalía: Miguel Pazos<br>Secretaría: María José Piñeira | Valeriá Paül<br>Juan Manuel Trillo<br>Manuela Costa |

*Tribunal 2:*

| *Titulares* | *Suplentes* |
|---|---|
| Presidencia: Carlos Ferrás<br>Vocalía: Manuela Costas<br>Secretaría: Valeriá Paül | Manuel Fernández Grela<br>Ángel Miramontes<br>Ángeles Piñeiro |

**Aprobación de solicitude de redución matrícula por razóns laborais dos alumnos**

Os alumnos Adrián Capelo e Alfonso Bertrán solicitan matrícula reducida para poder compatibilizar o seu traballo na Fundación RIA co máster. En consecuencia, solicitan unha redución de 30 créditos. Achegan o seu contrato laboral co fin de xustificar a súa situación profesional.
Vista a documentación presentada por ditos alumnos, apróbase por unanimidade.

**Aprobación de data de inicio de prácticas académicas externas**

Proponse o día 1 de abril para todo o alumando, independentemente de que fagan o itinerario investigador ou profesional.
Apróbase

**Informe sobre datas clave en trámites do alumnado**

15 Novembro: data límite para proposta de novos convenios
Xaneiro: presentación da oferta de empresas/institucións para realizar as PAE
5 Xuño: entrega memoria PAE a titores

**Rogos e preguntas**

Non hai

Péchase a sesión ás 14:36h.

*****

Reunión ordinaria do Máster en Planificación e Xestión do Desevolvemento Territorial, que tivo lugar o luns día 23 de decembro de 2019, ás 12:30 horas, no seminario de Xeografía.

1 Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Foi aprobada por asentimento

2 Datas defensa e tribunais de TFM curso 2019-20

O coordinador informou das datas de defensa e tribunais de TFM para o presente curso, que foron aprobadas por aentimento

3 Convalidación de prácticas en empresas

Vistas as solicitudes de convalidación da prácticas en empresas de varios alumnos, informouse favorablemente e instouse a que continúen a tramitación da súa solicitude a través da UXA Sur, como é preceptivo.

4 Informes de seguimento de alumnado do convenio con Marrocos

Foron aprobados os informes dos titores sobre os dous alumos marroquinos que están a cursar os seus estudos ao abeiro do programa de intercambio entre España e Marrocos.

5 Solicitude da ampliación de prazo de matrícula do máster

A comisión de título decidiu solicitar a ampliación de prazo de matrícula do máster á vicerreitoría de titulacións.

6 Rogos e preguntas

Non houbo rogos nin preguntas

Levantouse a sesión ás 13 horas